


Maqueta e
bosquexos da
escenografía
para
'O romance
de Micomicón
e Adhelala'
feita por
Jesús Costa



TEATRO INFANTIL

Eduardo Blanco Amor: 'ROMANCE DE MICOMICÓN E ADHELALA'

O *Romance de Micomicón e Adhelala* é unha brincadeira chea de humor, sensibilidade, dinamismo e tenrura. **Eduardo BLANCO AMOR** —o principal autor en prosa da Xeración do 27, segundo o recentemente falecido Rafael Alberti— morreu en Vigo o 1 de decembro de 1989. A Farsa que, vinte anos despois do pasamento do narrador e dramaturgo, **SARABELA TEATRO** elixe para relembra-lo este autor ourensán mesmo semella

estar escrita para a Compañía porque aínda que o *Romance* forma parte das **Farsas para títeres**, resulta un pracer facela con actrices e actores. Non tivemos a fortuna de coñecer a EBA persoalmente (si teatralmente: no 96 puxeramos en escena **A esmorga**); con todo, disfrutamos tanto montándoa e todas as pezas encaixaban tan ben que por iso tivemos a sensación de ter un traxe á medida... Estes vinte anos coincidían, ademais, coa andaina





do grupo (dez como afeccionados e dez como profesionais das táboas). Na dramaturxia tiñamos obxectivos artísticos e didácticos. Os cambios realizados no texto (Begoña Muñoz) con respecto ao orixinal fixéronse tendo en conta o público a quen preferente ía dirixido. Modificáronse, pois, castelanismos, hiperenxebriamos, vulgarismos, dialectalismos, palabras en desuso, erros ortográficos... Houbo tamén cambios no ámbito do léxico. Mudáronse os nomes de dous personaxes da obra. Fixéronse pequenas pero significativas intervencións que afectan ao sentido do texto e outros cambios para facilitar a comprensión dos espectadores. Decidimos, asemade, incluír cancións e bailes para condimentar o conto con máis elementos cómicos, grotescos e bufonescos.

Para a **posta en escena**, enfatizamos moito a dimensión corporal dos personaxes e dos intérpretes, acompañados de acenos, *quiños* e xestos cheos de ledicia e ritmo. Esa forza, ademais, outorga á farsa a posibilidade de facer fincapé en temas transversais relacionados co xénero, coa paz, co uso do poder... Queriamos dirixirnos ao público

infantil sobre todo, pero tamén desexabamos engaiolar os profes e os pais. Para iso **adaptamos** o texto (escrito nos anos cincuenta) a hoxe. Para iso, tamén, contabamos cun equipo de xente moi capacitada: cinco actores-trices con extraordinarios rexistros cómicos e tráxicos (Fina, Suso, Elena, Sabela, Antón); transmisores de enerxía e capaces de encher o espazo con xogos corporais, xestos e voces matizados e precisos (comedia da arte, clown...). **Construímos** os personaxes soñando con eles, imaxinando as súas vidas e desexos, xogando...

O deseño do espazo, da luz, do son e o vestiario. Foron moi importantes para crear a atmosfera e o universo de ficción no que tiñan que evolucionar os personaxes. Pensamos que o mellor era crear un reino fantástico a piques de esborroarse semellante a un xoguete. Así se deseñou e realizou un espazo, uns traxes, unha iluminación e unha música que, harmonizando, enchen a vista e os oídos de cor e imaxinación.

Tan só esperamos que os espectadores disfruten asistindo a este espectáculo coma nós disfrutamos facéndoo e representándoo.

